

FEIRA do COMERCIO EN O ENSACHE

Máis de 55 anos VIVINDO

30 de setembro de 2017



Bases de participación na Feira do Comercio “+ de 55 anos vivindo O Ensache”

Sábado 30 de Setembro do 2017

FICHA DA ACCIÓN

Organiza Em-Rede en colaboración con:

Concello de Santiago de Compostela, Raigame, Fundación Santiago Centro, Centro Sociocultural e Xuvenil O Ensanche, APEGA

Data: 30 de Setembro do 2017.

Horario: de 11:00h. a 20:00h.

Obxecto: Un ano máis, con motivo do aniversario da construción das casas de Ramírez no Ensanche Compostelán (na que as asociacións desta zona de Santiago de Compostela e contornos, uníronse para poñer en valor todo o acontecido nestas rúas durante estes anos: a veciñanza, o comercio, a historia da cidade, os persoeiros que dan nome ás súas rúas...) volvemos a convocar a **Feira do Comercio do Ensanche** dentro da celebración “**Máis de 55 anos vivindo O Ensanche**” o próximo sábado 30 de Setembro do 2017.

Potenciais participantes: Pequenos comercios de Santiago de Compostela e contorna.

BASES DE PARTICIPACIÓN

Dereitos dos participantes:

1. As asociacións de comerciantes e veciños, en colaboración co Concello de Santiago de Compostela organizan a **Feira do Comercio “Máis de 55 anos vivindo O Ensanche”** co obxecto de favorecer o coñecemento da historia comercial do Ensanche e achegar a toda a veciñanza os pequenos comercios que

dan vida propia a estas rúas dende a súa creación. Poderán participar na actividade pequenos comercios de moda téxtil, moda calzado, moda complementos (xoiaría, bixutería, gafas, marroquinería, etc.), libros, artesanía, perfumarías, produtos *gourmet*, panaderías, confeitarías e florarías preferentemente (sen excluír a outros posibles sectores), de Santiago de Compostela, que lean e acepten as presentes bases de participación, envíen completamente cuberto o **Formulario adxunto a estas bases (Contrato de Participación incluído)** dentro do prazo de inscrición, resulten elixidas segundo os criterios de admisión, e reciban a correspondente notificación da súa selección.

2. A pre-inscrición realizarase mediante o envío do **Formulario** de participación, ademais do **Contrato de Participación** (asinado) que se atopan nestas bases; ambos ao correo electrónico: **55anosensanche@gmail.com**, establecéndose como data límite para a recepción de solicitudes o día 15 de Setembro ás 12 da noite. Para asuntos referidos ca feira, que non se poidan consultar através deste mesmo mail, por favor comunicarse con Natalia Guedella no teléfono 699 287 154, que atenderá as chamadas de 11:30 13:30 horas das mañás, de luns a venres.

3. Os comercios poderán solicitar toda a información que precisen para valorar a súa participación no evento no seguinte contacto de e-mail 55anosensanche@gmail.com

4. O número máximo de participantes quedará establecido en 50 comercios, a determinar entre as solicitudes recibidas no prazo estipulado e segundo os criterios que abaixo se indican.

5. Establécense como sectores preferentes ou prioritarios o sector téxtil, de calzado, complementos, artesanías, produtos *gourmet*, confeitarías, panaderías e florarías, aínda que non se exclúen outras tipoloxías de comercios. Terán prioridade en primeiro lugar os [soci@s](#) pertencentes ás asociacións organizadoras, os comercios que teñan tenda física no Ensanche; e os que presenten novidosas propostas.

6. A participación e asignación de espazo aos distintos comercios solicitantes establecerase seguindo os criterios de prioridade citados no apartado 5 ([soci@s](#) das asociacións organizadoras, comercios con tenda física no ensanche e propostas novidosas). Terase en conta tamén a representatividade dos distintos sectores, favorecendo así a heteroxeneidade e atractivo da oferta, e as características dos espazos dispoñibles, procurando que haxa a maior diversidade e complementariedade posible para atraer a públicos e clientes de todas as idades e preferencias.

7. Cada comercio poderá optar a participar inscribíndose de forma individual ou con outro comercio (2 comercios máximo por stand) se así o decidan e informando explícitamente na ficha de inscrición.

8. Terán preferencia de participación na actividade da feira: **“Máis de 55 anos vivindo O Ensanche”**, os pequenos comercios, non pertencentes a cadeas ou grandes grupos que operen baixo un mesmo nome comercial ou franquías. Esta condición non aplica para os [soci@s](#) das asociacións organizadoras.

9. Os comercios finalmente escollidos para presentar, exhibir e vender os seus produtos, pezas, elaboracións e coleccións na xornada festiva, serán ubicados nun dos diferentes espazos habilitados nas rúas Rodríguez Carracido, Diego de Muros, Ramón Cabanillas (praza que conecta co parque da Praza Roxa) atendendo para este reparto aos criterios establecidos pola Organización en función das necesidades dos distintos sectores e das características da localización. No caso de que as condicións meteorolóxicas sexan efectivamente incompatibles ca actividade da feira, e para evitar danos e perdas nos produtos seleccionados para a venda, suspenderase a mesma con tempo razoable para ocasionar os menores inconvenientes a tódalas partes implicadas. Prégase de antemán, comprensión e colaboración.

10. Os comercios que teñan a súa ubicación dentro das rúas nas que se celebrará a feira (Diego de Muros, Rodríguez Carracido e Ramón Cabanillas) terán que cubrir igualmente a folia de inscrición para poder colocar o stand e participar na feira seguindo as condicións estipuladas nas bases.

11. Os comercios participantes terán que traer o seu propio mobiliario para a exposición e venda dos seus produtos, respectando o sitio asignado dunhas dimensións de 3 metros de fronte por 2 metros de fondo e informando na ficha de inscrición o mesmo que se vai utilizar. Prégase respectar minuciosamente o espazo asignado a cada comercio, intentando ter unha estética que favoreza a presenza de público. O mobiliario aceptado será unha mesa e 2 sillas.
12. Os comercios que así o desexaran, e previa información á organización, e quixeran levar mobiliario especial para a exhibición de produtos, adicional á mesa, terán a obriga de informar á organización e ter a súa aprobación. Para o sector téxtil, por exemplo, admitiranse 2 burros, maniqués ou bustos para exhibir as súas prendas, sempre que poidan ubicalos dentro do espazo que se lles adxudicará e que será como máximo de 3m de fronte e 2m de fondo. Para o resto de sectores, por favor, consultar directamente ca organización.
13. Os comercios non poderán levar estruturas expositivas a maiores das indicadas no formulario de inscrición, salvo necesidade xustificada e co consentimento previo da Organización que reclamará, de darse o caso de peticións, fotografía, medidas e características do elemento en cuestión antes de autorizar o seu uso.
14. A Organización deseñará material promocional da iniciativa (cartelería, *flyer* informativo, etc.) que distribuirá entre os comerciantes participantes para que estes poidan repartir entre os seus clientes.
15. Os comercios participantes poderán promocionar as súas tendas, produtos, prendas e coleccións. Cada comercio participante pode entregar á organización agasallos ou vales para seren sorteados conxuntamente, nun momento adicado pola organización da feira, indicado na axenda do día.
16. A Organización actualizará o perfil do evento “+55 Anos Vivindo O Ensanche” nas redes sociais a través de *Facebook*, co obxecto de promocionar a actividade e aos seus participantes. Para este efecto solicitaráselle aos comerciantes participantes os seus usuarios para engadilos e rede da actividade. Crearase un #hagstag nos días previos, para ir promocionando a actividade e os comercios participantes.
17. **Custe:** os comercios seleccionados deberán aboar **30 euros** (soci@s pertencentes ás asociacións organizadoras) e **40 euros** para os non soci@s. A cuantía de participación será abonada o mesmo día da Feira. Quedan prohibidas as rifas ou sorteos individuais por parte de cada comercio participante feira.

Obrigas dos participantes:

1. Os comercios seleccionados para formar parte da iniciativa decorarán o seu posto e exhibirán o seu xénero ou produtos atendendo estritamente ás necesarias restricións de espazo e aos criterios de harmonía, estética, orde e orixinalidade na exposición, sempre velando pola vistosidade máis que polo volume na exposición, co ánimo de sorprender gratamente aos visitantes e non saturar o espazo. Neste sentido a Organización resérvase o dereito a supervisar previa ou insitu, a distribución estética e a colocación do produto dos diferentes comercios, ofrecendo asesoramento e consello de cara á mellor rendabilidade do espazo e atractivo do mesmo, como por exemplo: preparación de ofertas, descontos inmediatos, descontos para outras datas, degustacións...
2. A Organización non se fará responsable de posibles danos causados polo comerciante no seu espazo ou arredores, tendo este que abonar os danos, no caso de que así se produciran. Tamén ten a obriga de manter o espazo limpo, facendo uso dos lixos ubicados nas rúas.

3. As caixas ou maletas que utilicen os comerciantes para o transporte dos produtos e/ou prendas a expoñer e vender ata os espazos asignados, quedarán gardadas nos seus vehículo ou nun lugar non visible para o público visitante, de forma que se favoreza a orde e estética do evento.
4. A organización non proporcionará puntos de conexión a electricidade para o uso dos comerciantes.
5. Os comerciantes deberán atender estritamente aos horarios de apertura e peche da xornada, así como aos horarios de montaxe e desmontaxe dos espazos, que a organización confirmará no seu momento, e que se estiman da seguinte maneira:
 - Montaxe: mañá do sábado 30 de Setembro de 9.30h ata 11.00h
 - Desmontaxe: sábado 30 de Setembro de 20:00h. A 21:30h.
 - Horario de apertura ao público sábado 30 de Setembro: de 11:00h. - a 20:00h.A organización habilitará 3 puntos de carga e descarga indicados a cada comercio participante.
6. Non estará permitido desmontar, pechar, ou deixar desatendido o espazo de cada comerciante antes da hora de recollida: as 20:00 h. do sábado 30 de Setembro.
7. Os comerciantes encargaranse de atender o espazo asignado (xa sexa o propietario persoalmente, ou unha persoa designada e autorizada expresamente por el/ela para quedar ao cargo). Se desatenderan o seu espazo será baixo a súa propia responsabilidade, non facéndose cargo a Organización de calquera falta, roubo ou dano nas pertenzas dos comerciantes.
8. Os comerciantes finalmente seleccionados, comprométense a facilitar información sobre o seu comercio, e a aportar, cando así se lles requira, imaxes das súas coleccións e tendas, e autorizar a súa publicación nas redes sociais e nos medios de comunicación coa fin de promocionar os seus comercios e o propio evento.
9. Así mesmo, os comerciantes autorizan a captación de material gráfico e audiovisual das súas coleccións, establecementos, espazos na xornada e de si mesmos antes e durante o evento, e ceden os dereitos de imaxe de todo o material gráfico e audiovisual que se realice coa fin de promocionar a iniciativa.
10. Os comercios participantes comprométense a participar e colaborar cordial e activamente no desenvolvemento de cada unha das accións dentro do marco das celebracións do **“Máis de 55 Anos Vivindo O Ensanche”**.
11. A participación na actividade implica a aceptación íntegra das presentes bases e das decisións que adopte a Organización na súa interpretación, e naqueles aspectos non previstos que poidan xurdir antes, durante e despois do evento, comprometéndose a adaptarse a posibles cambios sobrevidos.

FEIRA do COMERCIO

Máis de 55 anos VIVINDO EN SANCHE

30 de setembro de 2017



CONTRATO DE PARTICIPACIÓN

Razón Social.....NIF/CIF.....

Denominación Comercial.....

Enderezo.....

LOCALIDADE.....CP.....

TELÉFONO.....EMAIL.....

APELIDOS,NOME.....DNI.....

ACEPTO participar como EXPOSITOR na FEIRA DO COMERCIO, que se celebra en **Santiago de Compostela** o día **30 de Setembro de 2017**.

COÑEZO E ACEPTO as Bases de Participación na Feira

Como Expositor RESPONSABILÍZOME de cumprir todas as normativas vixentes en materia laboral e tributaria.

ASUMO tamén a cobertura dos danos inferidos a terceiros que se puidesen derivar da miña participación no Mercado (Responsabilidade Civil).

En _____ a ____ de _____ de 2017

Asdo.

ORGANIZAN: Raigame, EmRede, Concello de Santiago de Compostela, Fundación Santiago Centro, Centro Sociocultural e Xuvenil O Ensanche, APEGA